



Plan de financiamento

Como vos dicíamos no anterior PASquín o Consello Galego de Universidades marcou, na súa reunión do 28 de xullo, o camiño polo que se vai definir o futuro plan de financiamento das universidades 2011-1015.

A información que transcendeu desa reunión indica que a Xunta transmitiu ás Universidades que no ano 2011 recibirían os mesmos fondos básicos (cos que se fan fronte a salarios...) determinándose a outra parte do pastel en función de variables dependentes da súa produtividade.

As Universidades de Santiago e Vigo aceptaron, de xeito explícito, este criterio. A Universidade da Coruña non se pronunciou. Pero porque?

Imos analizar os que poden ser os motivos da Universidade da Coruña para ser reticente ao acordo. Esta reticencia, ao noso entender, só pode estar fundamentada en que a UDC saiba que da posible avaliación con eses parámetros non vai saír ben parada.

Para analizar a situación da UDC con respecto ás outras universidades galegas imos utilizar o estudo da Fundación CYD "[Informe CYD 2009](#)" no que aparecen unha serie de ránkings que poden dar luz sobre a posición da Universidade.

QUÉ É A FUNDACIÓN CYD



A Fundación CYD (Fundación Conocimiento y Desarrollo), é unha fundación privada, nacida a iniciativa do sector empresarial, ligada directamente ao Banco Santander. É, desde fai algúns anos, a encargada de realizar estudos que van moito máis aló do que a súa orixe lle debería conferir. A Conferencia de Reitores das Universidades Españolas segue ao pé da letra as conclusións e directrices que emanan dos estudos

desta fundación, estas directrices marcan o futuro da universidade pública cara a súa paulatina e total privatización.

A Fundación CYD creouse en 2002 co obxectivo de "mostrar e promover a contribución das universidades ao desenvolvemento económico e social de España, á vez de fomentar vínculos entre a universidade e a empresa". Presidida por Ana Patricia Botín e con patróns promotores entre os que cabe citar o Consello Superior das Cámaras de Comercio, á Fundación Universidades Castela e León e ao Grupo Santander, a Fundación converteuse en poucos anos nun referente para as universidades grazas á publicación do seu informe anual.

Na táboa 1 preséntanse os resultados xerais de produción científica agregada do período 2003-2007 para cada institución española de educación superior. Destacan polo seu volume de produción científica a Universitat de Barcelona e a Universitat Autònoma de Barcelona, con máis de 10.000 documentos no período.



Plan de financiamento

Táboa 1. Producción científica total (2003-2007)

Universidade	Ránking por volume de produción	Produción	Ránking por impacto normalizado	Impacto Normalizado
Universidade de Santiago	9	5.681	20	1,10
Universidade de Vigo	15	3.264	14	1,17
Universidade da Coruña	34	1.670	70	0,87

Os ránkings por áreas científicas

Os países máis desenvolvidos cientificamente tenden a ter unha estrutura onde a medicina e a bioquímica dan conta dunha parte moi significativa dos resultados de investigación.

Na área de bioquímica, xenética e bioloxía molecular (ver táboa 2), de novo, como nos datos de produción xeral, a Universitat de Barcelona é a primeira, seguida da Autónoma de Madrid e da Complutense.

Non obstante, nos datos que denotan calidade media da investigación, como son os valores de media de citas por documento, a Universitat Pompeu Fabra consegue 23,3 citas de media por documento, ocupando a primeira posición do ránking; ocupan os postos seguintes por indicador de impacto nas revistas desta área a Universitat de València, a Universidade de Vigo, a Autónoma de Madrid e a de Santiago de Compostela.

Táboa 2. Producción científica (2003-2007) da área de bioquímica, xenética e bioloxía molecular

Universidade	Ránking por volume de produción	Produción	Ránking en citas por documento	Citas por documento
Universidade de Santiago	6	952	5	17,66
Universidade de Vigo	17	376	3	18,86
Universidade da Coruña	30	200	-	-

A área de medicina (ver táboa 3) volve presentar un patrón parecido ao xeneral ou ao da biomedicina: a Universitat de Barcelona, a Universitat Autònoma de Barcelona e a Universidade Autónoma de Madrid ocupan as tres primeiras posicións, respectivamente, en volume de produción.

Táboa 3. Producción científica (2003-2007) da área de medicina

Universidade	Ránking por volume de produción	Produción	Ránking en citas por documento	Citas por documento
Universidade de Santiago	7	913	7	9,95
Universidade de Vigo	32	191	-	-
Universidade da Coruña	37	144	-	-

Na área de química (ver táboa 4), a Universitat de Barcelona sitúase unha vez máis no primeiro posto, por volume de produción, séguenlle a Universitat de València e a Universidade de Santiago de Compostela.



Plan de financiamento

Táboa 4. Producción científica (2003-2007) da área de química

Universidade	Ránking por volume de produción	Produción	Ránking en citas por documento	Citas por documento
Universidade de Santiago	3	1.297	12	12,74
Universidade de Vigo	12	668	13	12,62
Universidade da Coruña	26	315	27	10,26

Na área de física e astronomía (ver táboa 5), a Universitat de València móstrase como a de maior produción científica, seguida da Autónoma de Madrid e a Universitat de Barcelona. Non obstante, no ránking de citas por documento, a Universidade de Vigo ocupa a primeira posición

Táboa 5. Producción científica (2003-2007) da área de física e astronomía

Universidade	Ránking por volume de produción	Produción	Ránking en citas por documento	Citas por documento
Universidade de Santiago	10	703	11	7,09
Universidade de Vigo	21	235	1	13,13
Universidade da Coruña	41	60	-	-

Os resultados de investigación publicados en revistas de enxeñaría (ver táboa 6) mostran un panorama totalmente diferente aos agregados antes descritos. Como sería de esperar as universidades politécnicas de Catalunya, Madrid e València ocupan os primeiros postos en volume de produción. Non obstante, estas mesmas institucións están lonxe de conseguir as mellores relacións de citas por documento, ocupando o primeiro posto a Universitat de Barcelona, seguida da Universidade de Santiago de Compostela

Táboa 6. Producción científica (2003-2007) da área de enxeñaría

Universidade	Ránking por volume de produción	Produción	Ránking en citas por documento	Citas por documento
Universidade de Santiago	19	314	2	10,28
Universidade de Vigo	14	398	23	4,86
Universidade da Coruña	31	172	30	3,49

Os resultados de investigación recollidos en revistas da área de economía (ver táboa 7) mostran un panorama totalmente diferente aos resultados xerais ou das áreas das ciencias naturais ou da vida. En primeiro lugar destaca que a cantidade ou volume de produción é moito menor que no resto das áreas examinadas anteriormente

Táboa 7. Producción científica (2003-2007) da área de economía, econometría e finanzas

Universidade	Ránking por volume de produción	Produción	Ránking en citas por documento	Citas por documento
Universidade de Santiago	20	38	21	2,76
Universidade de Vigo	10	70	11	3,36
Universidade da Coruña	25	33	24	2,58



Plan de financiamento

Ránking Web

"A posición no ránking resume o rendemento global da Universidade en docencia, investigación transferencia, achega información para estudantes ou profesores e reflicte o compromiso académico coa diseminación do coñecemento científico", en palabras do responsable do Laboratorio de Cibermetría, Isidro Aguillo, cando deu os datos de xaneiro.

Anexo. Posición no mundo das universidades españolas segundo o Ránking Web (edición de xaneiro de 2010).

Os valores para cada unha das variables están normalizados a un máximo de 1.000, xeneralmente as prestacións de Harvard-MIT.

Posición	Universidade	Tamaño	Visibilidade	Artigos	Documentos	Total
363	Universidade de Vigo	758	761	547	677	715
402	Universidade de Santiago	785	758	515	627	707
522	Universidade da Coruña	753	722	508	636	683

A posición varía no informe de xullo: Vigo cae ó 380 e USC e UDC soben ós 383 e 451.

Ránking das universidades españolas a partir da metodoloxía do Ranking de Shanghai

O obxectivo deste recadro é crear un ránking das universidades españolas baseado na metodoloxía que utiliza o ránking académico das universidades do mundo, creado pola universidade de Shanghai Jiao Tong, máis popularmente coñecido como o Ranking de Shanghai.

O Ranking de Shanghai constrúese a partir de indicadores que aproximan a calidade das universidades en aspectos de docencia e de investigación. Especificamente, este ránking constrúese a partir de catro criterios: a calidade da educación, a calidade do profesorado, os outputs de investigación e o tamaño da institución

Cadro 1. Ránking das universidades españolas a partir da metodoloxía do Ránking de Shanghai

Universidade	Posición
Universidade de Santiago	9
Universidade de Vigo	17
Universidade da Coruña	36

Outro indicador é que os alumnos estranxeiros tampouco elixen a UDC

Xunto con estas consideracións hai que sinalar que a Universidade de Santiago xa ten Campus de Excelencia Internacional e a Universidade de Vigo camiña cara a conseguilo este ano.

Por certo, os nove campus universitarios españois que recibiron por parte do Ministerio de Educación a declaración de Excelencia Internacional asinaron o 14/07/2010 en San Ildefonso (Segovia) o protocolo de creación da Rede Nacional de Campus de Excelencia Internacional (Rencei). Camiñando á constitución dunha rede europea, o que profundizará a fenda entre as universidades excelentes e as que non acaden ese título.



Plan de financiamento

CONCLUSIÓN:

Segundo estes datos non é de estrañar que as Universidades de Santiago e Vigo acepten un criterio de reparto que teña en conta estes parámetros, ou parámetros semellantes.

O que é de verdade preocupante é que tendo a mesma idade as Universidades de Vigo e Coruña, a evolución sexa tan dispar, aparecendo a Universidade de Vigo como unha competencia real da Universidade de Santiago mentres a Universidade da Coruña fiquen en postos moi retrasados, a pesar de ser [unha das universidades con máis docentes funcionarios](#).

Desta situación non se lle pode votar a culpa á Residencia Universitaria (para alumnos e para docentes, estes con dúplex), á que se intenta que apareza como responsable de todas as desfeitas universitarias.

Consideramos, tamén, que parte da responsabilidade da posición na que está a Universidade da Coruña tena o feito de que as plantillas de traballadores/as están moi pouco adaptadas sendo, nalgún caso o subemprego a razón da baixa produtividade da propia universidade.

PDI que comparten a súa actividade docente-investigadora coa dirección de servizos (mal o teñen que estar facendo nos dous aspectos), servizos atendidos, sobre todo por bolseiros... son unha práctica habitual nesta universidade que ten que rematar. De ser un factor determinante a precariedade, do PAS claro, a UDC estaría no pico das estatísticas.

A falta de consideración á hora de valorar o traballo desenvolvido, sen ningunha análise que a sustente, é outra das características que se están enmarcando como sinais de identidade da universidade, nos últimos días xa van dous casos:

Por un lado o Reitor di que as conserxerías non serven para nada.

Por outro lado a Xerenta acusa ao Servizo de PAS de que, pola súa culpa, as convocatorias de PAS laboral non están ao día. Así somos xerentes calquera, a última responsable de que os servizos funcionen é ela, ela é a que ten que poñer as medidas para que esa situación non exista ou se subsane.

Ámbolos dous deberían mirarse nun espello e preguntarse porqué realmente, e no seu conxunto, non vai ben a Universidade.

O caso é que a Universidade da Coruña non sae moi ben parada do estudo, corresponde a análise pormenorizada das razóns e atopar as solucións pertinentes. .O que está claro é que esa solución non pasa pola precariedade nos servizos.